

ENTREVISTA @S CONCELLEIR@S DE MEIO AMBIENTE

A CIDADE SEN O MEU COCHE

Xosé Veiras García

O 22 DE SETEMBRO DE CADA ANO VEN-SE CELEBRANDO EN DIFERENTES CIDADES EUROPEAS O DIA DE A CIDADE SEN O MEU COCHE. NA GALIZA, TODAS AS CIDADES AGÁS OURENSE, XUNTAMENTE COA VILA DE ORTIGUEIRA, SUMARÁN-SE ESTE ANO Á DITA CELEBRACIÓN, PARA O CAL VEÑEN TRABALLANDO DESDE HAI MESES. ASIMESMO, NALGUNHAS DESTAS CIDADES REALIZARÁN-SE MEDIDAS DOS RESULTADOS, EN CANTO A REDUCIÓNS NA CONTAMIANCIÓN E NO RUIDO.

O ANO PASADO PARTICIPARON SÓ TRES CIDADES GALEGAS: A CORUÑA, LUGO E PONTEVEDRA. CERNA PUXO-SE EN CONTACTO CON ESTES CONCELLOS, PARA TERMOS UNHA AVALIACIÓN DESA XORNADA E DOS ENFOQUES QUE LLE VAN DAR ESTE ANO. ENTREVISTAMOS ÁS PERSOAS RESPONSÁBEIS DAS RESPECTIVAS CONCELLEIRAS DE MEDIO AMBIENTE.




CARMEN MARÓN,
CONCELLEIRA DE MEIO AMBIENTE DE A CORUÑA

Cerna: Cómo valora os resultados do ano pasado?

C.M.: No aspecto ambiental, os resultados foron mui positivos, como demostraron as medicións da calidade do ar e do ruído, realizadas segundo exige a normativa da UE, dúas semanas antes, o día sen coches e os días posteriores. A contaminación e o ruído baixaron notabelmente ese día e os posteriores, resaltando esa grande evidéncia de que os coches contribuen á contaminación.

É unha experiencia de grande importancia para as medianas e grandes cidades. Ese día ten que ir precedido dunha grande campaña de concienciación cidadá, non se pode chegar a ese día sen unha explicación previa do que significa esa prohibición



Redución da contaminación acadada en A Coruña no Día sen coches do pasado ano (CO: monóxido de carbono, NO: óxido nítrico, NO₂: dióxido de nitróxeno, SO₂: dióxido de enxofre).

de circular por determinadas rúas da cidade, que non é algo negativo senón positivo, que ten o obxectivo de contribuir á mellorar a calidade de vida nas cidades.

Cerna: Qué accións están programadas para a celebración deste ano?

C.M.: No Día sen coches están implicadas solidariamente as Concellerías de Medio Ambiente e de Tráfico e circulación, sendo esta última a principal responsable do deseño da campaña e sobre todo das decisións sobre áreas peonais. Pero como decía, o día sen coches ten que ser algo que ven arroupado desde antes; por iso, durante todo o verán estivemos facendo unha serie de actos vinculados con medio ambiente, os domingos nos que se cerrou a área dos Cantóns; actos lúdicos e divulgativos sobre a política de residuos, a contaminación atmosférica, a calidade das augas... unha información mui plural e sempre enfocada cara a mellora da calidade de vida. Supón unha experiencia educacional importante: os pais acompañados dos fillos, explicando-lles; a xente desfrutando desas áreas peonais, ás que non está acostumada cando están invadidas de coches...

Cerna: É despois do 22 de setembro?

C.M.: A nosa filosofía é volvelo a repetir. Este día é o acto central, pero logo, nos domingos, sempre que non haxa problemas doutros tipos que impidan ou prexudiquen a calidade de vida dos cidadáns ou afluencias importantes de vehículos. Contare-

mos tamén coa implicación das áreas de festas e de educación, para que estes actos sexan máis lúdicos e cheguen mellor aos cidadáns.

Cerna: Que está a facer o Concello para fomentar os modos de transporte non motorizados e os colectivos e limitar a presenza do automóbil na cidade?


C.M.: O ideal é potenciar o transporte público, como xa estamos a facer; potenciar vehículos non contaminantes como o tranvía, que se ben agora ten só unha finalidade turística, está en estudio o implanta-lo como medio de transporte; facer peatonais algunhas áreas da cidade, abrindo-as nalgúns zonas para evitar as incomodidades.

No futuro temos que consolidar as grandes estacións intermodais, de forma que a xente poda vir de fora e chegar a elas, en autobuses ou en ferrocarril, e comunicar-se cos autobuses urbanos. Dese modo habería xa unha deixación do coche particular. Isto levará o seu tempo, sobre todo nunha cidade mui

densa en poboación como A Coruña, practicamente unha península, polo que ten certas dificultades, pero eu creo que o futuro irá por estas solucións. Posibelmente as novas xeracións terán máis resolto este tema do que o temos nós.

Cerna: Por último, unha pregunta obrigada, estando na Coruña, cidade pioneira na adopción dun plan de xestión ecolóxica do lixo. En que fase está o plan?

C.M.: Está practicamente finalizado; imos cumprindo os obxectivos previstos, co selado do vertedoiro de Bens, convertido nun parque para uso e disfrute dos cidadáns, aínda que hai que dotalo dunha serie de servizos relacionados co lecer, coas enerxías alternativas, aulas ambientais... Por outra banda, a recollida selectiva en orixen vai mui consolidada, o que é clave para que a planta de tratamento funcione adecuadamente. Nestes días estamos pechado o plan integral, coa abertura dos dous puntos limpos e coas primeiras probas de funcionamento dos dixestores anaeróbios, estando a planta de clasificación xa en pleno rendimento.



MARCOS CELA,
CONCELLEIRO DE MEIO AMBIENTE DE LUGO

Cerna: Cómo valora os resultados do ano pasado?

M.C.: É unha valoración positiva, porque o incremento que houbo no transporte público cifrámoslo nun 20% e dende ese punto de vista estimámos como altamente positiva a celebración do día da Cidade sen o meu coche. Tamén foi positiva a total peatonalización do centro, que é o camiño que debe seguir a nosa cidade, xa que o recinto histórico é un lugar que debe ser utilizado para o lecer, as relacións sociais e o disfrute do peón. Entendemos esta data como un día de concienciación da cida-

dania, mostrando o que sería unha cidade sen ese agóbio de tráfico que sufrimos e padecemos cada día.

Cerna: Qué accións están programadas para a celebración deste ano?

M.C.: O deseño é moi similar ao do ano pasado, co engadido de que se elixe a cidade de Lugo como unha das que se van avaliar con respecto á incidencia que poida ter ese día o tráfico da cidade. Estará totalmente restrinxido o acceso ao centro da cidade, permitiéndose unicamente acceder aos aparcamentos soterráneos que hai no centro e favorecendo a circulación do transporte público e do taxi. Este ano temos o inconveniente de que é un sábado, e é máis difícil involucrar aos coléxios e institutos, xa que non hai clase. Pero estamos falando con asociacións e todo tipo de colectivos para que ese día a cidade recupere o aspecto peatonal, e agardamos ter unha incidencia superior á do ano pasado. Son os primeiros pasos para que nun futuro próximo poidamos peatonalizar totalmente ese recinto histórico.

Cerna: É despois do 22 de setembro? Que está a facer o Concello para fomentar os modos de transporte non motorizados e os colectivos e limitar a presenza do automóbil na cidade?

M.C.: Nos vindeiros meses imos instalar un sistema informativo que consistirá en catro paneis situados nas diferentes entradas do casco histórico, para que os condutores saiban da existencia ou non de prazas libres nos aparcamentos do centro: se están completos, deberán absterse de ir ao centro. Isto require un tempo para o cambio de hábitos, e require a colaboración da policía municipal, e nalgúns aspectos haberá que utilizar medidas coercitivas, por exemplo para combater os estacionamentos indebidos. Eu creo que a primeira medida que debe potenciar o Concello é a información, e entre todos temos que facer un esforzo para que a cidade cobre un novo aspecto e haxa unha racionalización na utilización do automóbil.

Tamén estamos pensando en potenciar aínda máis o transporte público, de xeito que outras liñas da cidade poidan tamén ir ao centro, como se demanda nas enquisas que reiteradamente facemos entre os usuarios do transporte público.